

Expedición III ITSAS FESTIBALA / PASAIA 2024

Do 09 ao 12 de maio de 2024

Estimad@s compañeir@s,

Comezamos con esta información a organización da expedición para participar no **III ITSAS FESTIBALA de Pasaia**, que terá lugar do **9 ao 12 de maio de 2024**.

 <https://pasaiaitsasfestibala.org/es/>

A falta de acordar algunhas cuestións coa organización do Itsas Festibala, **abrimos o prazo de inscrición de embarcacións e tripulacións** nas seguintes condicións:

- [DATAS SAÍDA E REGRESO](#)

As embarcacións inscritas deberán **estar en Pasaia o xoves día 9** e regresar o día 12 (domingo) ou 13 (luns).

Para o caso dos barcos que puideran desprazarse por mar procurarán organizar as datas de maneira conxunta e prever a estadía en Pasaia durante os días de celebración do festival.

- [XANTARES](#)

Os xantares e ceas terán un custo similar ao de edicións anteriores de 8€ (aínda sen confirmar), que correrán por conta das tripulacións, e serviranse **desde a cea do xoves ao xantar do domingo previsiblemente**. As reservas serán xestionadas de maneira directa por cada embarcación ou colectivo inscrito, a través da **plataforma de pago online disposta pola organización**, se ben para poder xestionar a reserva de xeito conxunto coa organización, pregamos que nos indiquedes na folla de inscrición adxunta o número de xantares e ceas que precisaredes.

- [ALOXAMENTO](#)

O aloxamento será **no mesmo pavillón polideportivo da edición pasada** cedido de xeito gratuito pola organización, que conta con servizos e duchas. Recoméndase levar saco de durmir. Posiblemente dispoñamos de colchonetas, aínda que polo momento a organización non as garante. O pavillón estará dispoñíbel desde o xoves 9 ao domingo 12, con **posibilidade de pernocta o mércores día 8 en caso de necesidade (indicalo na folla de inscrición de se lo caso)**.

No caso de que non se desexe utilizar estes servizos, as tripulacións deberán organizar o seu propio aloxamento en establecementos hoteleiros, parques de campismo ou similares, ou ben no propio barco.

Acompañase máis información sobre a oferta hoteleira.

- [INSCRICIÓN DE EMBARCACIÓNS E AXUDAS AO DESPRAZAMENTO](#)

As embarcacións **desprazaranse polos seus propios medios**, sexa por mar ou por terra (en remolques), para o que se librará unha **axuda única de 600 € por embarcación que se desprace por mar (até un máximo de 2) e 400 € por cada barco que se desprace por terra**, completando **deste xeito un máximo de 8 EMBARCACIÓNS EN TOTAL PARA A EXPEDICIÓN**.

No caso de que se estime conveniente, poderá contemplarse a posibilidade de organizar un convoi para aqueles barcos que se despracen por mar a Pasaia

Os barcos que se despracen por terra contarán cun servizo de grúa para as botaduras e varadas, situado en Donibane. Os remolques disporán dunha zona para o seu estacionamento durante os días de estadia.

Para o cobro das axudas os colectivos inscritos deberán emitir a correspondente factura a Culturmar polo importe conxunto dos barcos correspondentes, IVE incluído, de ser o caso, unha vez rematada a expedición.

Será responsabilidade das persoas ou colectivos armadores contar coas medidas de seguridade e documentación en regra para cada barco.

- [FORMA E PRAZO DE INSCRICIÓN](#)

A inscrición de barcos e tripulantes farase enviando a folla adxunta por correo electrónico a secretaria@culturmar.org

É necesario que a folla sexa cuberta en todos os seus campos para unha correcta inscrición e publicación. Xunto coa folla enviarase ademais unha **fotografía actual do barco** con boa calidade.

Nesa mesma folla faranse constar calquera circunstancia especial que afecte aos barcos ou tripulantes, e que poida ser de interese para a mellor organización da expedición.

O prazo de inscrición ábrese o luns 22 de xaneiro e finalizará o venres 15 de marzo ás 12:00.

- [CRITERIOS DE SELECCIÓN](#)

A selección dos barcos que formarán parte da expedición oficial farase atendendo á variedade de tipoloxías e procurando a participación do máximo número de colectivos. En caso de haber exceso de barcos inscritos, atenderase á orde de entrada dos correos de inscrición.

Para participar, os colectivos interesados deberán estar ao día nas cotas anuais de socio.

Os colectivos que desexen inscribirse fóra da expedición oficial poderán facelo de xeito autónomo.

A inscrición do barco na expedición oficial implica necesariamente a participación da tripulación nos labores comúns indicados a continuación:

- [CARPA OFICIAL DE CULTURMAR](#)

Dispoñemos dunha pequena carpa cunha área expositiva do patrimonio e cultura mariñeira de Galicia, incluíndo un pequeno posto de venda de publicacións e outros materiais.

Os horarios de apertura serán os do propio festival durante os 4 días polo que para a súa atención **realizaranse quendas rotatorias de grupos de 2-3 persoas** que permitan compatibilizar unha correcta atención da carpa co disfrute do evento e a navegación.

- [COORDINACIÓN DA EXPEDICIÓN E COMPROMISO DOS COLECTIVOS INSCRITOS](#)

A coordinación xeral da expedición correrá a cargo dun membro da Xunta Directiva.

Lembramos que os barcos e tripulacións participantes forman unha única expedición en representación de Culturmar no III Itsas Festibala, polo que todas as persoas que formen parte da mesma deberán asumir o **compromiso de participar de xeito activo e colaborativo nos labores comúns: navegacións oficiais, presenza nos actos institucionais ou protocolarios, colaboración na montaxe e desmontaxe da exposición, atención ao público na carpa e demais actividades propias dunha delegación oficial de Culturmar, como mostra do labor de salvagarda do noso patrimonio marítimo e fluvial e de divulgación do seu valor aló onde este patrimonio estea presente.**

Por todo isto apelamos á responsabilidade dos colectivos que se inscriban no compromiso que adquirimos ao participarmos conxuntamente en representación da cultura marítima e fluvial galega.

Para a uniformización e identificación da delegación entregarase **2 camisolas por tripulante**. A estes efectos precisamos que na mesma folla de inscrición nos indiquedes as tallas que correspondan.



OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

- x Distancia aproximada desde Cambados a Pasaia Donibane: 750 km / 7 h 30 min
- x A ruta pode conter peaxes na AP9 e na AP8.
- x Pavillón: <https://goo.gl/maps/d9r8Sie8E4AwKzdu6>
- x Xantares: Edificio Club de Remo San Juan (sen confirmar)
<https://maps.app.goo.gl/YTHBpUE6bCTF9cvD8>
- x Botadura dos barcos (Donibane): <https://goo.gl/maps/n254Wsc71tEqppWDA>
- x Estacionamento de remolques: sen determinar.
- x Información oferta hoteleira: <https://pasaiaitsasfestibala.org/es/pasaia/alojamientos/>
- x Web do III Itsas Festibala: <https://pasaiaitsasfestibala.org/es/>

Dadas as enormes dificultades dos accesos, tránsito e aparcamento en toda a contorna (tanto en Trintxerpe como en Donibane), e especialmente para os remolques, a organización recomenda encarecidamente que se reduza o uso dos vehículos particulares ao mínimo indispensábel.

A distancia desde Pasaia – Donibane a Donosti é de aproximadamente 12 km, polo que esta pode ser unha boa opción no caso de que en Pasaia resulte difícil atopar aloxamento.

A XUNTA DIRECTIVA

CAMBADOS, 17 de xaneiro de 2024

III ITSAS FESTIBALA – PASAIA 2024

Pasaia, do 9 ao 12 de maio 2024

FOLLA DE INSCRICIÓN

Débase cumprimentar esta folla en todos os seus campos e enviar, xunto cunha fotografía actual do barco, a secretaria@culturmar.org

Prazo: do 22/01/2024 ao 15/03/2024 ás 12:00

ASOCIACIÓN			
NOME DA EMBARCACIÓN		FOLIO	
TIPOLOXÍA		ESLORA	
MANGA		CALADO	
ANO DE CONSTRUCCIÓN		ESTALEIRO	
PORTO BASE		GALICIA	
TIPO VELA E SISTEMA DE PROPULSIÓN		DESPRAZAMENTO (INDICAR MAR/TERRA)	
NOME E APELIDOS DO/ A PATRÓN/A			
E-MAIL		MÓBIL DE CONTACTO	
Nº TRIPULANTES		TALLAS CAMISOLAS	
COMPAÑÍA ASEGURADORA		Nº PÓLIZA E VENCEMENTO	
DÍA DE CHEGADA		DÍA DE PARTIDA	
FOTOGRAFÍA	Achegar unha fotografía recente por como adxunto a esta folla de inscrición.		

XANTARES / CEAS	XANTAR XOVES	CEA XOVES	XANTAR VENRES	CEA VENRES	XANTAR SÁBADO	CEA SÁBADO	XANTAR DOMINGO
INDICAR Nº ESTIMADO	PENDENTE CONFIRMAR						

PERNOCTA EN PAVILLÓN	MÉRCORES 8	XOVES 9	VENRES 10	SÁBADO 11	DOMINGO 12
(INDICAR NÚMERO PRAZAS NECESARIAS)					

OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER ESPECIAL (PARA BARCOS OU TRIPULANTES)	
--	--

Condições e responsabilidade da organización*

A persoa responsábel do barco debe asumir as seguintes responsabilidades:

- A veracidade das características da embarcación inscrita, a responsabilidade diante da súa tripulación, a presenza dos equipos de seguridade legalmente esixidos e a capacidade de manobra, liberando de calquera responsabilidade á Culturmar.
- A responsabilidade sobre os danos que a embarcación ou a tripulación puidera causar a terceiros.
- Coñecer e aplicar as normas do código marítimo internacional.
- Respetar as instrucións dos responsábeis portuarios dentro das súas competencias e das autoridades autonómicas e locais involucradas no evento.
- Respetar as normas de navegación que puideran serlle comunicadas pola organización.
- A cesión de datos á base de datos de Pasaia Itsas Festibala (organizadores do evento).